Num. 293

FOUCE

Xullo 2012

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

ESPAÑA FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

sindicato labrego galego
comisións labregas

A Dirección Nacional do SLG elixe a Isabel Vilalba nova secretaria xeral

Páxinas 3 e 5



Isabel Vilalba Seivane, primeira pola dereita, ten desempeñado diversas responsabilidades dentro e fóra do SLG, como portavoz da Secretaría das Mulleres ou membro da Executiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC). Esta imaxe pertence á xuntanza que mantivo unha comitiva da ECVC co comisario europeo de Agricultura, Dacian Ciolos, o pasado 27 de xaneiro de 2011

Secretaria das mulleres
sindicato labrego galego

Se traballas na explotación familiar
xunto ao teu cónxuxe e non es titular

SOLÍCITA AGORA A TITULARÍDADE COMPARTÍDA

Verás recoñecidos os teus dereitos e teredes importantes beneficios na solicitude de subvencións e nas cotizacións á Seguridade Social

Máis información na túa oficina do Sindicato Labrego Galego ou na PÁXINA 15 deste Fouce

FOUCE

Edita: Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:
Xosé García Rodríguez
Consello Editorial:
Carme Freire, Manuel Docampo, Isabel Vilalba e Xabier Gómez Santiso.
Colaboracións: Antonio Ferreiro, Óscar Lugrís,Ana Eiras, Isabel Vilalba, Conchi Mogo, Fefi Lamas, Manuel Docampo, Xabier Gómez Santiso e Lara Barros.
Deseño e maquetación:
Xosé García Rodríguez
Sede da redacción:
Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

sindicato labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixonfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixonfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D Tlfno. 981 508 177
SANTA COMBA - Rúa de Lugo, 19 – entrechán 1º esq. Tlf. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680. Tlf. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4, 1º.Tlf: 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Cambio de local. Máis información no 698 125 154
VALDEORRAS - Miguel de Cervantes 15 32340, Vilamartín de Valdeorras Tlf. 988 321 511 / Fax: 988 326 723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590 438; Fax 988 590 439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11. Tlf. 988 477 230 Fax. 988 477 230
XINZO - Rúa San Sebastián, 16 – baixo Tlf. 988 462 547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent. Tlf. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108, entrechán B. Tlf: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos AISSTlf/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE. Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego, 5 – 1º C. Tlf. 982 12+6
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A. Tlf.982 512431
MEIRA- R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Gradín nº 1, baixo Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/ Monte Faro nº 28. Baixo. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32 Centro comercial O Parque, oficina 12 986 580 526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641 508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 718 526

Editorial

■Globalizando a loita, globalizando a esperanza.....**3**



Galiza

■O decreto que regula o canon da auga non recolle a exención a traída veciñais nin aos pozos.....**4 e 5**
■A Dirección Nacional do SLG elixe a Isabel Vilalba como secretaria xeral.....**5**
■Medra o rexeitamento en Galiza contra as fumigacións con Flufenoxuron.....**7**
■A banca ignora o convenio con Medio Rural para adiantar as axudas da PAC.....**8**
■En marcha un mercado semanal de alimentos labregos en Teo.....**9**

Sectores Gandeiros



■Campaña unitaria na Galiza para sensibilizar á cidadanía coa problemática do sector lácteo.....**11**
■As graves deficiencias no saneamento gandeiro poñen ao borde da ruína a moitas explotacións **12**



Sectores vexetais

■O SLG tera vocais nos consellos reguladores de Valeorras, Rías Baixas e Ribeira Sacra **13**

Montes



■Protestas contra a Lei de Montes que cede a terra ás industrias enerxéticas.....**14**
■Un cento de sinaturas para alegar contra o parque eólico de Olives **14**



Mulleres

■A regularización da titularidade compartida nas explotacións culmina varios anos de loita da Secretaría das Mulleres do SLG.....**15**
■A regularización da titularidade compartida nas explotacións culmina varios anos de loita da Secretaría das Mulleres do SLG.....**16**

Eira

■Actualidade de varias liñas de axuda e normativas relacionadas cos sectores agrogandeiros.....**17 a 19**

O Fouce está cofinanciado pola:
DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Carta da secretaria xeral, Isabel Vilalba Seivane, aos afiliados e ás afiliadas do Sindicato Labrego Galego

Globalizando a loita, globalizando a esperanza

Vivimos tempos difíciles nos que semella que todo está en cuestión e mesmo se trata de xustificar o empeoramento de servizos esenciais para as persoas como a sanidade, a educación ou a dependencia; venres de recortes e de medidas políticas que non teñen máis rumbo ca protexer os intereses da banca e dos especuladores a costa do empobrecemento da maioría da poboación.

Os momentos de crise deberían ser, sen embargo, o momento de reflexionar sobre cales son aquelas actividades ou aspectos fundamentais para a nosa sociedade e, colectivamente, facermos unha defensa destas cuestións básicas. Ningunha sociedade que se considere democrática pode deixar de defender unha sanidade de calidade, pública e universal, unha educación con estes mesmos criterios para garantir o seu futuro, ou a atención axeitada para toda a poboación, especialmente para as persoas máis vulnerables (infancia, dependentes, maiores...).

Nestes intres nos que hai que facer unha clara aposta polo que é importante, precisamos volver a destacar a necesidade de traballar por termos unha alimentación suficiente, saudable e culturalmente axeitada para todas as persoas e todos os pobos; e non só un sistema que considere aos alimentos como unha mercadoría que xere beneficios para a industria e o agronegocio a costa de arruinar á xente labrega. Hai que deixar de pensar, dunha vez por todas, que perder emprego agrario é un síntoma de modernidade e que non importa que desaparezan explotacións, posto que os produtos chegarán ás nosas mesas, non importa de que parte do mundo veñan. Pois o certo é que si que importa, e moito.

"Dende o Sindicato Labrego Galego cremos firmemente que apostar polo medio rural e pola actividade agrícola e gandeira non é só posible hoxe, senón que é unha necesidade para saírmos adiante"

Nas nosas comarcas, este modelo significa menos emprego directo e indirecto, menos riqueza, menos tecido social, máis terreo abandonado, máis producións industriais e contaminación, máis incendios, moito máis gasto enerxético detrás deses alimentos, labregas e labregos con máis dificultades, unha dependencia alimentaria cada vez maior e un longo etcétera.

O medio rural segue a xerar hoxe moitos postos de traballo de xeito directo e indirecto, e pode ser un dos motores fundamentais para seguir creando riqueza no futuro. Cómpre cambiar un sistema no que se nos impoñen, unilateralmente, condicións ruinosas e prezos por debaixo dos custos de produción nos diferentes sectores, prezos que están a afogar na práctica as nosas explotacións ante a imposibilidade de repercutir os incrementos nos custos de produción.

Dende o Sindicato Labrego Galego cremos firmemente que apostar polo medio rural e pola actividade agrícola e gandeira non é só posible hoxe, senón que é unha necesidade para saírmos adiante neste momento; e cada día seremos máis labregas e labregos, máis colectivos cidadáns e máis as persoas de toda a sociedade que imos dar a batalla para parar estas políticas que nos empobrecen a todas e a todos.

nº 293
Xullo de 2012
FOUCE

O decreto do canon da auga non recolle a exención a traídas veciñais nin aos pozos

Tamén se lle poderá cobrar ás explotacións agrogandeiras polo coeficiente de vertedura e se "contaminan"

O polémico canon da auga entrou en vigor o 1 de xullo, de maneira que os concellos comezarán a aplicalo no recibo por este servizo. Calcúlase que máis do 70% dos fogares da Galiza sufrirán unha suba deste imposto. En total, 168.000 vivendas de núcleos de menos de 2.000 habitantes que non pagaban taxa de saneamento, terán que abonar agora o canon. E para recadar o imposto, a encargada será unha empresa, Augas de Galiza, que utilizará para iso a concellos, subministradoras, usuarios e comunidades, sen dar ningún servizo nin contraprestación a cambio.

O 22 de xuño, publicouse o decreto que aprobaba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais. Aínda que o propio presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou no seu día que "estarán exentos os titulares de pozos e traídas particulares" e "a exclusión no canon para a auga con fins agrogandeiros", unha análise polo miúdo do decreto demostra que a Xunta e o seu presidente mentiron de novo nesta cuestión.

De feito, non figuran as captacións particulares como exentas, e boa parte do resto de disposicións que se establecen, están encamiñadas a articular os mecanismos de cobro ás captacións particulares. Neste sentido, a disposición adicional terceira do decreto que aproba o regulamento, obriga a titulares de pozos e traídas particulares, así como de quen faga un uso directo da auga da choiva ou do mar, a que presenten, nun prazo de tres meses contados dende o 1 de xullo, os datos sobre as instalacións de abastecemento e o uso a que están destinadas, para declarar o seu consumo a Augas de Galicia de cara a que esta lles cobre o canon.

Outro engano é o de non cobrarlle o canon ás explotacións agrogandeiras. Cobraráselles a todas aquelas cuxa actividade sexa "contaminante" para as augas, xa que terán que pagar o canon aquelas explotacións que sexan sancionadas en materia de vertedura de augas residuais, así como as que incumpran o Código Galego de Boas Prácticas Agrarias se así o determina a Consellería do Medio Rural. Tamén pagarán aquelas que utilicen instalacións de saneamento públicas en concepto de coeficiente de vertedura.

Máis elementos que apuntan ao carácter recadador e lucrativo do canon, en beneficio do ente público-empresarial Augas de Galicia, son:

- **Cobro estimativo:** o cobro do canon da auga partirá da base de que en cada fogar residen tres persoas, de maneira que haberá que demostrar o contrario onde viva menos xente e se queira pagar menos. A falla de información sobre este particular fará que moi poucos fogares con menos de tres membros realicen este trámite.
- O 50% de **desconto** no canon ás familias numerosas e a **exención** as que estean en situación de exclusión social, dependerá de que as familias afectadas tramiten administrativamente estes beneficios. De novo, a falla e información e a complexidade do proceso van facer que sexan moi poucas familias as que o fagan.





Entre as accións levadas polo SLG a cabo contra a Lei de Augas destacaron a entrega de máis de 400 sinaturas no concello de Rois (arriba) e as charlas informativas realizadas en concellos como Redondela

Entrega de máis de 400 sinaturas en Rois contra o cobro do canon

O establecemento deste canon obrigará a pagar a tódalas persoas de Galiza por consumir auga e obrigará, a maiores, no ámbito rural onde existen captacións propias, a facer unha autoliquidación do canon cada catro meses, o que implicará máis gastos e trámites burocráticos para as persoas que viven no campo.

O Sindicato Labrego Galego xa amosou a súa máis frontal oposición á Lei de Augas e ao canon, por entender que privatizan e mercantilizan un dereito humano, o do acceso á auga, que debe ser universal e gratuíto. Sen ir máis lonxe, o pasado sábado, 23 de xuño, o SLG presentou 400 sinaturas en Rois (A Coruña), contra o cobro de case 500 euros en concepto de canon a unha traída veciñal neste municipio que foi construída e financiada integramente pola veciñanza en 1968.

Por todo o devandito, o SLG seguirá a pedir a derrogación da Lei de Aguas de Galicia, e continuará coa súa campaña de denuncia e de recollida de sinaturas.

O Sindicato Labrego Galego segue a esixir a derrogación da Lei de Augas

O SLG presentou alegacións ao "Borrador de orde pola que se aproban os modelos de declaración de autoliquidación do canon da auga e do coeficiente de vertedura".

■ **En que consiste esta proposta de Orde?**

Considera o canon de auga como un imposto e, como tal, non está suxeito a contraprestación algunha aos usuarios. O coeficiente de vertedura é unha taxa, que está suxeita a contraprestación de depuración, tanto no caso de vivendas ou outros usos que contan con rede de sumidoiros municipais ou de fosas sépticas que deban baleirarse en depuradoras.

■ **Como pretenden cobrar o canon da auga?**

Esta proposta de decreto establece para o cobro un mecanismo de autoliquidación, que é aquel polo que o propio suxeito pasivo (usuario, entidade subministradora, comunidade de usuarios ou concello) recoñece o feito impoñible e fai a cuantificación da cantidade a pagar. Os impostos que establecen este mecanismo de autoliquidación son os que recada a Axencia Tributaria (Declaración da Renda, etc). Neste caso é o "ente público empresarial" Augas de Galicia quen recada, saíndose da norma xeral sen que se expliciten as causas.

■ **Quen recadará o canon da auga?**

A proposta de orde converte en recadadores e responsables do pago e do control do pago das persoas usuarias aos concellos, ás comunidades de usuarios e ás empresas subministradoras. Consumidoras/es e usuarias/os son quen deben declarar e autoliquidar; por outra banda, serán as comunidades de usuarios, as entidades subministradoras e/ou os concellos os que fagan de recadadores e de responsables subsidiarios deste imposto, traballando ao servizo da empresa "Augas de Galicia".

■ **Quen é o destinatario final do canon da auga?**

O destinatario final deste imposto é o ente público empresarial "Augas de Galicia", que xuridicamente funciona como unha sociedade anónima. A cambio do cobro do canon da auga non se prestará a usuarios/as e/ou consumidores/as ningún servizo, debendo pagar este imposto polo feito de ter vivenda ou de existir como persoas.

Na Galiza, non existe precedente de que unha entidade pública empresarial, que funciona baixo o dereito privado, recadara e xestionara un imposto polo mecanismo de autoliquidación, establecendo de xeito piramidal a responsabilidade subsidiaria, convertendo en recadadores e responsables do pago e do control do pago do canon da auga aos concellos, ás comunidades de usuarios e ás empresas subministradoras.

Resulta sorprendente, e non procedente desde o punto de vista da racionalidade da xestión, que se institúan os modelos de declaración e autoliquidación do canon antes de aprobarse a norma que estableza e regule os procedementos de colaboración con entidades públicas locais; situando, unha vez máis, á empresa "Augas de Galicia" por riba dos concellos.

O Sindicato Labrego Galego pediu, por todo isto, a derrogación da Lei de Augas de Galicia e que as augas volvan a ser consideradas como un ben de carácter social e público. Tamén solicitou a gratuidade para o uso e consumo de auga como aseo e alimento para as persoas, os animais e a produción de alimentos dentro do marco da soberanía alimentaria.



A nova Executiva do Sindicato Labrego Galego elixida na Dirección Nacional do 12 de xullo. De esquerda a dereita, comezando por riba: Isabel Vilalba, Xosé Luis López Galán, Belén Fervenza, Adolfo Cabarcos, Lidia Senra, Xosé Manuel Calvo Rei, Carme Garrote e Mariano Pazos

A Dirección Nacional do SLG elixe a Isabel Vilalba como nova secretaria xeral

Na Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, celebrada o 14 de xuño de 2012 en Compostela, acordouse, por unanimidade, elixir a Isabel Vilalba Seivane como nova secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego.

Esta decisión tomouse despois de que a súa predecesora no cargo, Carme Freire, presentase a súa dimisión neste que é o máximo órgano de decisión no SLG entre congresos, xunto a outras catro persoas da Executiva, que tamén abandonaron as súas responsabilidades orgánicas: Manuel Docampo (Organización), Ana Rodríguez (Finanzas), Xosé Manuel Parente (Sectores Vexetais) e Charo Sánchez Parga (Recursos Produtivos para a Alimentación).

Carme Freire fora elixida secretaria xeral no VII Congreso do SLG, en 2007, responsabilidade na que sería reelixida no VIII Congreso, celebrado o pasado 5 de novembro de 2011. Pola súa banda, Isabel Vilalba, amais de ser a nova secretaria xeral, ocúpase da Secretaría das Mulleres do SLG, forma parte da directiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina, e rexenta xunto ao seu cónxuxe unha explotación de vacún de leite e fabas en Lourenzá (Lugo).

As cinco persoas que dimitiron continuarán formando parte da Dirección Nacional do SLG, e este órgano no seu conxunto comprometeuse a seguir unido, traballando e apoiando as loitas e reivindicacións do Sindicato Labrego Galego, nunha época na que as organizacións sociais e a propia sociedade están a sufrir a maior agresión vivida na era democrática, mentres que a crise endémica que están a sufrir os diversos sectores agrogandeiros, en particular, e o medio rural, en xeral, se agudizan día a día coa conivencia dos poderes públicos.

■ **A nova Executiva**

Na Dirección Nacional seguinte, celebrada o 12 de xullo, Isabel Vilalba presentou unha nova proposta de Executiva coas novidades de reducir a composición de dez a oito membros e tres novas incorporacións. A nova Executiva do SLG está composta por: Isabel Vilalba, Belén Fervenza, Carme Garrote, Lidia Senra, Xosé Manuel Calvo, Adolfo Cabarcos, Mariano Pazos e Xosé Luís López Galán.

nº 293
Xullo de 2012
FOUCE



Campaña do SLG en Suevos (A Baña) polo parque eólico de Campo Pequeno

A mediados de xullo, o Sindicato Labrego Galego iniciaba unha campaña informativa en Suevos (A Baña) sobre o impacto que terá nesta parroquia o parque eólico de Campo Pequeno. A campaña comezou cando estaban en exposición pública a autorización administrativa, a declaración de utilidade pública, a aprobación do proxecto de execución e o estudio de impacto ambiental deste proxecto enerxético. A declaración de utilidade pública implica a posibilidade de expropiación dun total de 392 parcelas afectadas.

En opinión de Lara Barros, coordinadora do Sindicato Labrego Galego na bisbarra compostelá, "a información que se está ofrecendo ás persoas afectadas dende a empresa interesada é escasa, parcial e tardía, diminuíndo a súa capacidade de resposta e negociación, polo que é imprescindible que a xente obteña toda a información que sexa posible".

Neste senso, a primeira das accións desenvolvidas polo SLG nesta campaa foi a de convocar unha xuntanza informativa no local social de Suevos, o pasado 13 de xullo, na que participou Damián Copena, do Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía (GIEEA) da Universidade de Vigo, e autor da *"Guía para os propietarios de terreos eólicos"*.

Medio Rural restrinxe as axudas para maquinaria e incorporacións

As modificacións e o curto prazo, reducirán drasticamente o número de explotacións demandantes

A Consellaría de Medio Rural introduciu dúas mudanzas nos requisitos para solicitar as axudas a plans de mellora e a novas incorporacións á actividade agraria: desta vez, non se concederán subvencións á reformas de inmobles nin a cambios de uso dos mesmos, por unha banda; e non poderán pedir apoio para mercar maquinaria quen pedise axudas para esta fin nos últimos quince anos.

A primeira das mudanzas é unha interpretación curiosa dunha norma do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que prohibe que se financie dúas veces o mesmo investimento.

Ata agora, o investimento definíao o fin. Por exemplo, se aproveitabas unha corte dos porcos para facer outra na que criar xovencas, considerábase un novo investimento, pero aproveitando e reciclando estructuras en desuso.

Mais o cambio introducido nesta liña de axudas di agora, textualmente, que ficarán excluídas "A reforma, reposición ou cambio de uso de bens inmobles". É dicir, quen queira axudas ten que construír as instalacións novas do trinque, nun novo terreo ou demolendo previamente os inmobles que xa non lle serven, aínda que puidesen ser reutilizables. Curioso xeito de fomentar o aforro e a austeridade.



Os cambios introducidos por Medio Rural ás axudas para renovar maquinaria pode marxinar a explotacións pouco mecanizadas

As pequenas explotacións pouco mecanizadas ficarán marxinadas

En canto ao segundo cambio, o de non apoiar na compra de maquinaria a quen pedise axudas para esta fin nos últimos quince anos, pode marxinar a explotacións pouco mecanizadas e que necesiten realmente facer investimentos para esta fin, cando o normal e lóxico sería excluír deste tipo de axudas as explotacións que teñen máis maquinaria con respecto ás que teñen menos.

Como exemplo práctico de como queda agora esta liña de axudas, unha gran explotación hipermecanizada, pero que non investise en maquinaria nos últimos quince anos, poderá acollerse ás axudas; mais outra explotación máis pequena, que só posúa un tractor adquirido hai catorce anos, non poderá recibir axudas para mercar unha cisterna, por exemplo.

Con estas innovacións nos requisitos para acceder ás axudas, e o curto prazo para facer as solicitudes, parece que o que quere facer a Consellaría de Medio Rural é que pida o menor número de explotacións posíbeis e, ao mesmo tempo, quedar ben dicindo que se apoian as novas incorporacións, os plans de mellora e a renovación de maquinaria.

Tamén dá a impresión de que o que interesa fomentar son os grandes investimentos e non as pequenas reformas que permitan diversificar, aforrar custes e rendibilizar o traballo agropecuario. En resume, Medio Rural segue apostando por megaproxectos insostíbeis promovidos por grandes capitais; fronte aos proxectos realistas, viábeis e necesarios que desenvolven o meirande das explotacións agrogandeiras da Galiza e que estruturan e dan vida ao noso campo.

Medra o rexeitamento en toda Galiza contra as fumigacións con Flufenoxuron

Aínda que non se autorizaron aínda tratamentos aéreos, estanse a facer aplicacións con canón dende terra

A oposición ás fumigacións aéreas co pesticida prohibido Flufenoxuron segue a medrar na Galiza. Boa mostra disto foron as máis de 105.000 sinaturas acadadas, parte das cales se rexistraron en Medio Rural o 21 de maio, pedindo que non se autoricen estes tratamentos; ou a manifestación que reuniu a centos de persoas en Compostela, convocada pola Plataforma contra as Fumigacións o 10 de xuño. Polo de agora, as fumigacións comezaron dende terra, mentres que na Xunta xa teñen unha solicitude para sulfatar 10.000 hectáreas dende helicópteros.





Instantáneas tomadas da manifestación contra as fumigacións que se fixo en Compostela o pasado 21 de maio: arriba, dúas imaxes da praza das Praterías; abaixo, cabeceira da marcha pasando pola rúa do Vilar

Non hai dúbida de que a oposición da cidadanía contra as fumigacións aéreas que pretende levar a cabo a patronal pasteira española (Aspapel) na Galiza, para controlar a praga do gorgullo do eucalipto, está sendo determinante para que a Consellaría de Medio Rural non autorice a aplicación aérea dos tratamentos con Flufenoxuron. Cómpre lembrar que a comercialización deste pesticida será prohibida en toda a Unión Europa este 1 de agosto por mor da súa perigosidade, e que non se poderá volver usar nunca máis a partir do 31 de decembro.

Accións como a recompilación de 105.596 sinaturas en contra nunha campaña en Internet, a manifestación de Compostela ou o colapso do Facebook da Xunta cos comentarios en contra de miles de cidadáns e cidadás deron forma a esta oposición.

Nembargante, e a través dunha empresa portuguesa de traballos forestais, xa se está fumigando dende terra en varias localidades, actividade que non precisa de autorización administrativa. Este feito foi denunciado polo Sindicato Labrego polo impacto colateral que están a ter estes pesticidas en fincas agrarias lindeiras aos eucaliptais sulfatados.



■ Painceira: impacto colateral na agricultura

Un caso claro respecto disto último foi o de Painceira (A Barqueira, Cerdido), onde a aplicación de pesticidas nos eucaliptos con canóns dende terra afectou a praderías de herba e leiras de patacas que estaban a carón, provocando a indignación e impotencia da veciñanza.

Diante destas agresións, o SLG esixiu de Medio Rural o cese inmediato destas fumigacións, pois o impacto tóxico do Flufenoxuron pode prexudicar seriamente non só o medio ambiente, senón as actividades agrogandeiras da zona e mesmo ás persoas que viven nas inmediacións.

nº 293
Xullo de 2012
FOUCE

Información subvencionada por:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Consellos para evitar riscos na realización de tarefas agrícolas con calor

MEDIDAS PREVENTIVAS FRENTE AOS RAIOS

No verán son frecuentes os episodios de raios por repentinos cambios meteorolóxicos. Consellos:

• Nunca situarse baixo un tendido eléctrico ou preto del, xa que existe un grave risco de electrocución.

• Non circular co tractor e evitar situarse en lugares elevados.

• Non acubillarse baixo unha árbore illada, nin en covas húmidas, nin xunto a cursos de auga, nin preto dun arame.

• O mellor é resgardarse en masas mestas de árbores, dentro dun automóvil pechado ou en edificios con pararraios.

• Nunha cabana, é conveniente pechar ben as portas e xanelas para evitar as correntes de ar, xa que o ar ionizado pode producir descargas eléctricas.

MEDIDAS PREVENTIVAS FRENTE Á CALOR

• Beber con frecuencia auga ou calquera outra bebida non alcohólica e tomar abondo sal nas comidas.

• Manter a pel sempre limpa para facilitar a transpiración.

• Cubrirse a cabeza cun sombreiro ou pucha cando se traballe ao sol.

• Realizar breves descansos cada dúas horas, tomando alimentos e bebendo auga.

• En caso de insolación ou de esgotamento por calor, chamar ao médico. Mentres chega, hai que levar á persoa afectada a un lugar sombrío e fresco, darlle de beber auga con algo de sal, afrouxarlle a roupa e pórlle compresas frías na cabeza.



Apoio ás protestas da Plataforma SOS Sanidade Pública contra os recortes no sistema de saúde

O Sindicato Labrego Galego apoiou a manifestación convocada, o pasado 3 de xuño, pola Plataforma SOS Sanidade Pública, da que forma parte. A manifestación fíxose para responder aos recortes e a privatización do sistema sanitario público e congregou a miles de persoas en Compostela, que amosaron o seu rexeitamento aos cambios introducidos no sistema polos gobernos de Rajoy e Feijoo, e que supoñen a eliminación dunha das bases fundamentais da Constitución que garantía o dereito universal á saúde de todos os cidadáns e cidadás en condicións de equidade, accesibilidade e calidade.

A banca ignora o convenio con Medio Rural para adiantar as axudas da PAC

A cativa axuda polas perdas da seca queda en papel mollado

O Sindicato Labrego Galego denunciou, en xuño, que as entidades bancarias que asinaron o convenio de colaboración coa Consellaría de Medio Rural para adiantar os cartos das axudas da Política Agraria Común (PAC), non estaban a cumprir co asinado.



A Consellaría de Medio Rural asinou o convenio con dez entidades bancarias para adiantar as axudas da PAC o pasado 2 de maio

Este convenio para dar liquidez ás explotacións nun contexto de crise, consiste en adiantar o 90% do importe das axudas. O adianto das axudas tería forma de préstamo cuns xuros do 6'25%, dos cales Medio Rural pagaría o 3'25% e a explotación o 3% restante. A realidade é que cando o/a titular dunha explotación se achega até a entidade bancaria para acollerse a este adianto das axudas, no banco dinlle que descoñecen este convenio e lles ofrecen os seus propios anticipos, que nalgúns casos chegan a ser incluso máis vantaxosos que os apoiados pola Xunta. No SLG temos constancia de adiantos que van dende o 2'8% de xuros, nos mellores casos, até o 7% nas ofertas máis caras.

Isto evidencia que o convenio asinado entre Medio Rural e a banca converteuse en papel mollado e que fallou a comunicación entrambos asinantes, máxime cando hai entidades bancarias que non botan man dun convenio que lles resultaría manifestamente máis rendíbel que as súas propias liñas de empréstitos.

Para o Sindicato Labrego Galego, a única medida adoptada pola Consellaría de Medio Rural diante das abondosas perdas económicas causadas pola seca nos diversos sectores agrogandeiros está resultando ser unha auténtica chapuza e incide na idea da ineptitude e inoperancia das persoas responsables das políticas agrarias na Galiza.

O convenio para adiantar as axudas da PAC non está sendo útil ás explotacións, non achega ningunha solución á súa falla de liquidez e viabilidade que non poidan acadar por si mesmas e, por riba, seguen padecendo, con respecto ás entidades bancarias, o mesmo problema de sempre: case ningunha acada un préstamo cando realmente o necesita.

En marcha un mercado semanal de alimentos labregos en Teo

Organizado polo SLG e o concello, inaugurouse o 9 de xuño con quince postos de venda e 500 asistentes

A pesar da choiva, a inauguración do mercado do alimento labrego dos Tilos, celebrada o 9 de xuño e organizada polo SLG e polo Concello de Teo, foi todo un éxito. Ao redor de medio milleiro de persoas achegáronse para mercar alimentos de tempada producidos por explotacións da bisbarra. En total, houbo quince postos de venda onde se puideron atopar dende hortalizas frescas, froita, mel ou ovos, até produtos elaborados como queixos, marmeladas, rosquillas, viños e licores; e mesmo se sorteou unha cesta de produtos entre os e as asistentes.

Deste xeito, culminaba todo un traballo que comezou cun curso de agricultura ecolóxica no concello en 2011, e tivo continuidade na organización deste evento e nunha serie de charlas previas en Calo, Recesende, Os Tilos e Cacheiras para promovelo.

A partir de agora, o mercado do alimento labrego dos Tilos celebrarase cada sábado, de 10:00 a 14:00 horas, creándose así un espazo de venda directa como alternativa de futuro para as produtoras e produtores da zona. Con esta liña de fondo, o mercado nace como un proxecto de acción e sensibilización colectiva, para favorecer o consumo de alimentos locais e de tempada, e para recuperar a idea do mercado como espazo social e de encontro. Dende o Sindicato Labrego Galego cremos que, no contexto de crise estrutural na que nos atopamos, as alternativas de futuro pasan por este tipo de apostas, que teñen na soberanía alimentaria o seu marco de acción.

O desenvolvemento de mercados coma este é tamén unha vía para xerar emprego rural, especialmente nestes momentos no que o paro ameaza a unha parte importante da poboación. Precisamos buscar alternativas, e a produción de alimentos sans e de calidade é unha delas.

Este mercado bota andar co compromiso dun grupo de labregas e labregos da comarca, agardando que se sumen moitas e moitos máis. No mercado pódense atopar espazos diferenciados: agricultura ecolóxica certificada, alimentos naturais e sostibles, produción caseiras, etcétera.



O mercado de Teo comezou con moi boa asistencia e seguiu cumprindo as expectativas dos e das participantes durante xuño e xullo

Como afecta a suba do IVE aos sectores agrarios e gandeiros

Os labregos e labregas que se atopan no **Réxime Xeral** poden deducir as cotas do IVE suportado. A pesar das deduccións, a suba do IVE terá un impacto directo na liquidez das explotacións, xa que a deducción do IVE solicítase ao rematar o exercicio económico (xaneiro do ano seguinte) e a devolución se produce entre abril e maio. Así, seguirán adiantando os cartos do IVE, pero agora aumentados pola suba. Explotacións como as lácteas, que tardan en cobrar o leite vendido e teñen grandes gastos en insumos, verán agravados os problemas de liquidez.

Con respecto a quen se atopan no Réxime Especial de Agricultura, Gandería e Pesca, o chamado **Réxime de Compensación**, o Consello de Ministros do 13 de xullo aprobou unha porcentaxe de compensación do IVE do 8'5 ao 10'5% para os sectores gandeiros, e do 10 ao 12% para os sectores agrarios, a petición de organizacións como a COAG. Isto paliará a suba xeneralizada dos custes que provoca o incremento do IVE en insumos coma os pensos, fertilizantes, fitosanitarios e gastos veterinarios (do 8 ao 10%); ou enerxía e lubricantes (do 18 ao 21%).

■ En perigo o sector de flor e planta ornamental

En calquera caso, a suba do IVE afectará de maneira indirecta, xa que os diversos sectores se verán na obriga de subir o prezo dos seus produtos ao repercutir o IVE, e iso pode provocar unha caída do consumo, máxime na época de crise que vivimos.

Un dos sectores máis afectados será o das flores e plantas ornamentais, pois este tipo de produtos ven incrementado o IVE do 8 ao 21%, o que disparará os prezos para os consumidores e consumidoras, cunha probable caída nas vendas. Ademais, terán que competir en peores condicións contra países produtores que gozan dun IVE reducido como Bélxica e Holanda (6%), Francia e Alemaña (7%) ou Italia (10%). O viño tamén sufrirá esta suba no tipo de IVE e o encarecemento do produto final podería retraer o consumo.

Outra das granes ameazas que temen moitos sectores agrogandeiros por mor da suba do IVE, é que as industrias e as grandes superficies comerciais forcen novas baixadas dos prezos en orixe para non encarecer os produtos finais e manter o seu nivel de vendas e ingresos.

ENESA
Entidad Estatal de Seguros Agrarios

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

www.magrama.gob.es

Seguro para o gando reprodutor e de recría de leite e de carne

De acordo co **Plan Anual de Seguros Agrarios do ano 2012**, establécense as seguintes liñas de acción para o **gando reprodutor e de recría de leite e de carne**. Trátase das liñas 102 e 185, e defínese nas seguintes xeneralidades:

É un seguro dirixido a gandeiros e gandeiras (persoas físicas ou xurídicas) con animais bovinos reprodutores e recrías de leite e carne, titulares dun libro de rexistro de explotación.

Trátase dun seguro subvencionado pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa) así como pola comunidade autónoma.

É un seguro flexible que permite aos gandeiros e ás gandeiras escoller a garantía básica que máis se adapta ás necesidades da súa explotación.

Do mesmo xeito, conta cunha serie de garantías adicionais para cumprimentar a opción básica de aseguramento, no caso de ser de interese para o gandeiro ou para a gandeira.

GARANTÍAS BÁSICAS A CONTRATAR

Liña 102

- **OPCIÓN A** ↔ Accidentes, febre aftosa e EEB
- **OPCIÓN B** ↔ Opción A + complicacións do parto
- **OPCIÓN C** ↔ Opción B + mamite en aptitude láctea

Liña 185

- **OPCIÓN 1** ↔ Morte ou estado agónico + 3 animais + EEB + Febre aftosa
- **OPCIÓN 2** ↔ Opción 1 + exceso de mortandade
- **OPCIÓN 3** ↔ Opción 2 + morte de crías

GARANTÍAS ADICIONAIS

Síndrome respiratoria de bovino en recría (SRB)

Enfermidades / Meteorismo

Carbuncho

Saneamento gandeiro

GARANTÍAS ADICIONAIS

Saneamento gandeiro





Campaña para sensibilizar á cidadanía sobre a crise do sector lácteo

A maiores, a Mesa do Leite comprometeu ao presidente Feijóo a esixir solucións ante o Goberno Central

Carme Freire, como secretaria xeral do SLG, e a responsable da Dirección do Leite, Lupe Prado, asistiron á xuntanza que tiveron, o 5 de xuño, os diversos axentes do sector lácteo co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. Nela, o SLG defendeu a necesaria regulación dos prezos e marxes comerciais, e se lle deixou a Feijóo o mandado de interceder polo sector ante o Goberno de Rajoy. O 16 de xullo, con Isabel Vilalba na Secretaría Xeral, as organizacións agrarias iniciaban unha campaña nas principais comarcas leiteiras galegas para implicar tamén á cidadanía.

Carme Freire cualificou o encontro do 5 de xuño como "positivo", por aceptar Feijóo facer propias do Goberno Galego as reivindicacions que se consensúen na Mesa do Leite. Freire considerou que "temos unha oportunidade histórica para que no Estado Español se regulen as relacións comerciais no sector lácteo e nos demais produtos agrogandeiros. E iso é posible a través de dúas medidas: por unha banda, facer normas para que se constrúa de abaixo a arriba un prezo para que o leite chegue ao consumidor ou consumidora cun valor xusto e se acabe coa extorsión a produtores e produtoras; e, por outra banda, regular as marxes comerciais, a través da Lei da Cadea Alimentaria".

Isabel Vilalba no Comité Consultivo do Leite da UE

Isabel Vilalba participou, o 9 de xullo, no Grupo Consultivo do Leite da UE, onde se presentaron informes que revelaron un incremento importante e xeneralizado na produción do último ano entre o 2% e o 3%, o que supón varios millóns de toneladas de leite. Nembargante, en canto á demanda, as vendas de lácteos seguen estancadas.

Diante disto, a secretaria xeral do SLG e a Coordinadora Europea da Vía Campesina volveron demandar mecanismos de control do mercado, así como "un sistema de mediación, dentro do paquete lácteo, que evite que industrias e grandes distribuidoras sigan impoñendo unilateralmente os prezos".

Campaña de sensibilización na Galiza

O 12 de xullo, as tres organizacións agrarias presentaron unha campaña conxunta para informar á cidadanía sobre a crise que está a sufrir o sector lácteo galego dende hai anos, con prezos de miseria que son dos máis baixos do Estado e da Unión Europea, e suba constante dos custes de produción.

De primeiras, haberá xuntanzas cos gobernos locais das principais comarcas leiteiras de cara a que aproben mocións de apoio ao sector nos plenos municipais. Estes encontros faranse en Ordes, Carballo, Lugo, Betanzos, Vilalba, A Mariña, Arzúa, Melide, Monforte, Chantada, Sarria, Lalín e Santa Comba.

En caso de que Feijóo e o Goberno Central non cumpran os seus compromisos, as tres organizacións agrarias estudiarán o inicio de mobilizacións de protesta.





Carme Freire e Lupe Prado participaron na Mesa do Leite con Feijóo do 5 de xuño, mentres que Isabel Vilalba foi a encargada de representar ao SLG na presentación da campaña informativa sobre a crise

Galiza é a gran discriminada no prezo do leite no Estado e na Unión Europea

O Sindicato Labrego Galego saiu á palestra para denunciar que a baixada continuada no valor do leite en orixe e a tendencia alcista dos custes de produción, están deixando ás explotacións galegas nun nivel de beneficio cero, ou mesmo facéndoas entrar en perdas.

Así, o prezo do leite non parou de baixar dende xaneiro, mes no que o valor medio na Galiza foi de 31'8 céntimos por litro. A evolución seguiu con 31'5 céntimos en febreiro, 30'9 céntimos en marzo e 29'9 céntimos en abril. A previsión apunta a que maio se salde cunha nova baixada de 1 céntimo, tendencia que se podería manter en xuño.

Lonxe de vivir unha crise de prezos no sector, o que padecemos é unha discriminación de Galiza, que onde o leite en orixe ten o valor máis baixo do Estado e da Unión Europea. De feito, no noso país cobramos o leite un 5'68% menos que a media do Estado, e un 15'06% menos con respecto a comunidades como Andalucía. Comparándonos con outros países produtores de leite da UE, cobramos menos que os nosos veciños de Portugal e Francia.

Asemade, o prezo dos insumos non para de subir. Dende o ano 2005 os ingresos por venda de leite subiron un 0,9% e os custos de explotación subiron un 29,6% (os alimentos para o gando subiron un 33,9%, os fertilizantes un 60,2%, os gastos enerxéticos un 50,4%) o que motivou unha caída da renda do 43%.

nº 293
Xullo de 2012
FOUCE

Explotacións ao borde da ruína por graves erros no saneamento gandeiro

Diferenzas de criterio do persoal técnico fan proliferar falsos positivos que obrigan ao sacrificio de reses sans

O Sindicato Labrego Galego ofreceu, o 22 de maio, unha rolda de prensa para denunciar as graves deficiencias e irregularidades nas campañas de saneamento gandeiro na Galiza. Na rolda participaron a secretaria xeral do SLG, Carme Freire; o secretario de Sectores Gandeiros, Adolfo Cabarcos; e o afiliado e gandeiro da Baña, Cándido Iglesias. Este último constitúe un caso paradigmático do que denuncia o SLG: obrigáronlle a sacrificar 31 vacas por tuberculose, das que só estaba enferma unha, o que lle provocou 200.000 € de perdas.

A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, centrou a cuestión explicando que "moitas explotacións gandeiras de todo tipo -vacún, caprino, ovino- están tendo serios problemas económicos por irresponsabilidade política e polo xeito en que se están abordando as campañas de saneamento gandeiro de Galiza".

En concreto, Freire afirmou que "na detección de enfermidades, por parte do persoal encargado do saneamento gandeiro, que traballa para a Consellaría de Medio Rural, están proliferando falsos positivos que obrigan a sacrificar obrigatoriamente unha parte importante das cabanas gandeiras sen que exista a certeza de que os animais estean realmente enfermos. Isto débese a que os criterios cos que se fai o saneamento son absolutamente aleatorios e subxectivos, e somete ás explotacións afectadas a unha perda económica gravísima e ao risco de peche".

Adolfo Cabarcos, secretario dos Sectores Gandeiros do SLG, analizou as diferencias de criterio e de aplicación de probas diagnósticas por parte do persoal de saneamento, e denunciou que mesmo se está incumprindo o regulamento ao impedir nalgúns casos que se fagan contrastes con segundas probas ou obrigar á retirada de animais antes das 48 horas mínimas que establece a lei.



O SLG denunciou nunha rolda de prensa as graves deficiencias no saneamento gandeiro que están a provocar fortes perdas a explotacións como a de Cándido Iglesias (á esquerda da imaxe)

30 vacas sans sacrificadas por falsos positivios e 200.000 € de perdas

O caso de Cándido é paradigmático. Este gandeiro de Cabanas (A Baña) xestiona unha explotación láctea con 1.200.000 litros de produción e que dá catro postos directos de traballo.

O 23 de setembro de 2011, o matadoiro ao que envía as vacas notificoulle que incinerara unha por tuberculose, sen poder comprobalo. Automaticamente, o xefe de área de Sanidade Animal inmobilizou a súa explotación. Esa mesma semana, fíxose o saneamento ordinario da explotación por persoal de Tragsega, que deu resultado negativo, tanto en tuberculose como brucelose. Nembargante, o xefe de área ordenou inmobilizar tres vacas, das cales unha deu positivo, segundo a Administración. Aos sesenta días, a finais de xaneiro, ordenaron o sacrificio doutras 28 vacas. Tralas probas feitas, ningunha destas 28 vacas resultou estar enferma; nin sequera o estaba a primeira vaca incinerada polo matadoiro. En total, de 31 vacas sacrificadas, 30 estaban sans.

Cando se fixo a rolda de prensa, xa pasaran catro meses dende os sacrificios e Cándido non viu nin un céntimo da indemnización á que ten dereito, a pesar das promesas de altos cargos de Medio Rural. Meses nos que tivo unha baixada de produción de 1.000 litros diarios, que aínda padece a día de hoxe, cos miles de euros en perdas que iso lle supón. Ademais, ao estar a súa explotación intervida, non poden aleitar aos becerros, polo que os teñen que levar a cebadeiros sen saber canto van cobrar por eles.

Cándido coñece casos semellantes en municipios veciños e, dende o SLG, temos constancia de que isto acontece en toda Galiza. Para Cándido trátase dun "problema de xestión política" e critica "o xeito subxectivo de facer valoracións do persoal técnico de saneamento, obrigando nunhas zonas a inmobilizar e sacrificar e noutras agardando as probas de laboratorio, cousa que, no meu caso, teríame aforrado sacrificar trinta vacas".

Cándido sinte unha absoluta indefensión e impotencia, e calculou que tardará dous anos en recuperarse "co temor de que no futuro se volvan repetir situacións parecidas", e padecendo até entón serios problemas de liquidez para facer fronte ao mantemento da granxa e á compra de insumos.

O SLG terá vocais en Rías Baixas, Valdeorras e na Ribeira Sacra

A nosa organización agraria ficou a tan só dous votos de obter vocalía no consello regulador do Ribeiro

Ao final, celebráronse eleccións aos consellos reguladores de catro denominacións de orixe vinícolas: Rías Baixas, Monterrei, Valdeorras e Ribeiro. Os resultados do Sindicato Labrego Galego foron agridoces pois, ao pesar de obter vocais en Rías Baixas e Valdeorras, faltoulle un voto para dobrar representación na primeira das DOs, e dous votos para obter vocalía no Ribeiro. En calquera caso, o SLG seguirá a defender o seu modelo de viticultura social e de calidade en todas as denominacións de orixe galegas, teña ou non representantes.

O Sindicato Labrego Galego obtivo tres vocais nas eleccións a consellos reguladores que se celebraron, o pasado 3 de xuño, nas denominacións de orixe Monterrei, O Ribeiro, Valdeorras e Rías Baixas. En concreto, foron elixidos Antonio García Fernández, no censo A (produtores e produtoras) de Valdeorras, Manuel Carrera González (Subcenso A1, produtores e produtoras con menos de 2 hectáreas, subzona O Condado) en Rías Baixas.

Deste xeito o Sindicato Labrego Galego terá representantes en tres dos consellos reguladores do viño, nos xa citados e tamén en Ribeira Sacra, onde non se celebraron eleccións por haber unha lista única de consenso onde está o viticultor e adegueiro do SLG, Primitivo Lareu.

Para o responsable da Dirección do Viño do SLG, Bernardo Estévez, "en Rías Baixas, os resultados foron positivos, pois acadamos un vocal na subzona do Condado no censo de fincas de menos de dúas hectáreas e ficamos a un voto de conseguir outro vocal nas fincas de máis de dúas hectáreas. Nesta denominación de orixe, sen ter unha base social demasiado ampla, o SLG moveu o voto mesmo de viticultores e viticultoras non afiliados, o cal significa que se valorou positivamente o traballo feito pola nosa organización agraria nos últimos anos. Tamén foron positivos os resultados en Valdeorras, onde Antonio García Fernández saíu elixido vocal polo SLG".

Bernardo Estévez recoñeceu que "noutras DOs, coma no Ribeiro, o resultado decepcionounos, pois ficamos a tan só dous votos de acadar un vocal que representase as reivindicacións do SLG no consello regulador. En Monterrei tampouco obtivemos os resultados agardados ao non acadar vocalía". En calquera caso, o Sindicato Labrego Galego seguirá a defender en todas as denominacións de orixe galegas unha viticultura social e de calidade, e seguirá a traballar para acadar, no futuro, representación nos consellos reguladores de todas as denominacións de orixe.



Un cento de sinaturas apoian a alegación contra o parque eólico de Olives

O Sindicato Labrego Galego entregou, o pasado 29 de xuño, máis dun cento de sinaturas apoiando unha alegación colectiva contra o proxecto de construír o parque eólico Outeiro Grande, que afectaría ás parroquias de Olives, Curantes, Pardemarín, Meavía e Escuadro, nos concellos pontevedrés da Estrada, Forcarei e Silleda.

Os servizos xurídicos do SLG levan meses asesorando á veciñanza afectada pola pretensión da empresa Airosa Vento de instalar muíños na súas propiedades. A este respecto, téñense presentado alegacións a título individual como esta que ten carácter colectivo.

■ Entrevista coa conselleira de Medio Rural

De cara a dar continuidade á loita contra este parque eólico, o responsable do SLG na bisbarra de Tabeirós-Terra de Montes, solicitará unha entrevista coa conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana, para exporlle, xunto a persoas afectadas, do impacto que terá esta instalación para producir enerxía eléctrica. Unha das incidencias máis graves que se producirá, en caso de ir o proxecto para adiante, será a obriga de devolver axudas europeas ás comunidades de montes que fixeron plantacións forestais subvencionadas que se terían que levantar para poder construír o parque eólico.

Dende o Sindicato Labrego Galego, pedirase que a empresa negocie coa veciñanza outra ubicación para este parque, xa que a actual, amais de afectar a plantacións forestais que foron subvencionadas, tamén terá un forte impacto en explotacións agrogandeiras, comunidades de montes e fontes de auga.

Protestas contra a Lei de Montes que cede a terra ás enerxéticas

O SLG apoiou a manifestación en defensa dos usos agrarios, sociais e medioambientais do monte

O Sindicato Labrego Galego apoiou a manifestación contra a Lei de Montes que se celebrou, o pasado 9 de xuño en Compostela, convocada pola Alianza para un Mundo Rural Galego Vivo. A pesares da oposición a esta lei, cociñada polo PP sen consenso coas outras forzas políticas, o novo texto legal que regula os nosos montes foi aprobado no Parlamento de Galicia o 26 de xuño.

O apoio do SLG a esta manifestación, e a súa oposición á Lei de Montes aprobada pola Xunta, baséase en varios argumentos que xa se teñen exposto, polo miúdo, no Fouce 290.

En primeiro lugar, esta Lei de Montes é un atentado contra as explotacións agrarias, o monte, o medio rural e o conxunto deste país e do seu territorio, xa que pretende permite converter a terra agraria en solo para a producción enerxética coa plantación de agromasa e agrocarburantes. Esta base legal, que posibilita que as industrias se fagan cos nosos montes para producir enerxía, condena á sociedade galega a depender das multinacionais e das exportacións para poder alimentarnos, e supo-rá un enorme atranco ás actividades agrogandeiras ao roubarlle ás explotacións a súa base territorial.



Outro dos artigos que máis rexeitamento suscita é o que obriga ás comunidades que non rescindan as súas débedas coa Administración a traspasar os montes a empresas privadas para que llelos xestionen a través de contratos e das Sociedades de Fomento Forestal (Sofor). Se isto non fose suficiente, a nova lei carga aos montes particulares con tantas obrigas burocráticas, que acabará forzando que estes se lles acaben cedendo tamén a empresas privadas para que os xestionen.

En resume, esta nova lei está deseñada para amparar o desembarco das industrias enerxéticas nos nosos montes; e non vai fomentar os usos agrarios, sociais nin medioambientais que poderían facer destas terras, sexan mancomunadas ou particulares, un piar fundamental para o desenvolvemento rural da Galiza.

Eucaliptos transxénicos para enerxía investigados con medios públicos

O Sindicato Labrego Galego acolleu con preocupación a nova da instalación dun invernadoiro para investigar especies forestais transxénicas no Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia (IIAG), financiado con cartos públicos a través do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Aínda que se salientan estudios como o dos castiñeiros cisxénicos, cómpre lembrar que o IIAG ten outras liñas de investigación financiadas por empresas privadas como Foresta Mantenimiento de Plantaciones S.L. que teñen que ver con especies como o eucalipto para fins industriais e de produción de agromasa. Cómpre lembrar que estes cultivos forestais están a provocar un desastre ecolóxico e social sen precedentes na Galiza, coa regresión e desaparición de especies autóctonas, a creación de grandes masas de monocultivo propicias para a proliferación de incendios forestais e pragas, e a invasión ilegal xeneralizada de terras protexidas de uso agrario coa conivencia da Xunta de Galicia.

Xa é drama de abondo que a Xunta permita e fomente o devandito como para que, por riba, se cedan instalacións custeadas con cartos públicos para fins científicas de cara facer investigacións impulsadas por empresas privadas cuxos resultados afondan nestes danos na estruturación e equilibrio medioambiental do noso territorio. Investir na investigación destas especies e para estas fins, hipoteca o futuro do medio rural galego e da agricultura no noso país, onde ás explotacións agrogandeiras lles é cada vez máis difícil acceder a base territorial para producir alimentos.

As labregas poderán ser titulares tras anos de loita da Secretaría das Mulleres

Aberto o prazo de inscrición á titularidade compartida, con beneficios fiscais ás explotacións que a soliciten

Tras décadas de loita, nas que a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego desempeñou un papel fundamental –tanto na Galiza coma no Estado-, o Ministerio de Agricultura vén de regularizar o proceso para que as labregas poidan acceder á titularidade compartida nas explotacións nas que traballan, en pé de igualdade cos seus cónxuxes. Así, recoñécese a nivel xurídico e económico o traballo de miles de mulleres que xestionarán, administrarán e se beneficiarán da súa profesión a todos os niveis. Para iso, terán que darse de alta como cotitulares.

Por que solicitar a titularidade compartida?

- Vai supoñer o recoñecemento xurídico e económico e a visibilización da participación da muller na actividade agraria.
- Os beneficios da explotación vanse repartir a partes iguais entre os cónxuxes ou membros da parella de feito.
- A administración e xestión da entidade corresponde aos dous cotitulares conxuntamente.
- Cada cotitular vai poder representar por si só a explotación e realizar actos que a vinculen. A excepción terémola no que respecta á disposición, venta ou gravame, actos nos que será necesario o consentimento de ambos titulares.
- O acceso á titularidade da explotación pola persoa que exerza actividade agraria determina a inclusión na Seguridade Social.
- As axudas e subvencións que se soliciten a nome da entidade corresponden por metades iguais aos cónxuxes ou membros da parella de feito, e cada un dos cotitulares será beneficiario directo das axudas do réxime de pagamento único da PAC.

Que vantaxes ten a titularidade compartida?

- O cónxuxe que pase a ser cotitular da explotación terá dereito a beneficios na cotización á Seguridade Social (redución do 30% sobre a cota durante 5 anos). Polo momento aplícase só aos matrimonios.
- Increméntase a puntuación obxectiva para obter subvencións e axudas.
- Os cotitulares terán dereito preferente en formación e asesoramento.
- Ao corresponder o 50% dos beneficios a cada cónxuxe, supón unha vantaxe na tributación polo IRPF.
- A titularidade compartida leva consigo máis facilidades para obter a consideración de explotación agraria prioritaria, o que implica:
- Beneficios fiscais no imposto de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados.
- Preferencia na adxudicación de superficies agrarias, contratos de seguro agrarios e actividades formativas que realice ou financie a Administración pública.
- Preferencia na concesión de axudas e asignación de cotas ou dereitos das reservas nacionais.

Guía rápida para facer a solicitude

1º. Quen pode solicitar a titularidade compartida?

- Cónxuxes ou parellas de feito (a relación ten que estar inscrita nun rexistro público!).

2º. Que requisitos hai que reunir para solicitala?

- Estar ou darse de alta na SS en actividade agraria.
- Exercer actividade agraria e traballar na explotación de forma persoal ou directa.
- Residir no territorio da explotación.

3º. Que trámites hai que seguir?

- Solicitar o NIF provisional na delegación da axencia tributaria.
- Solicitar a inscrición no Rexistro de Titularidade Compartida.

4º. Que documentación hai que presentar?

- Solicitude (pode atoparse na páxina web da consellería)
- Copia cotexada do NIF dos solicitantes.
- Copia cotexada da declaración do IRPF do último ano dos solicitantes.
- Alta na actividade agraria na Delegación da Axencia tributaria.
- Xustificante de capacitación profesional dos solicitantes.
- Certificado de residencia ou empadronamento.
- Copia cotexada do número de identificación fiscal (NIF) provisional (que se solicitou ao comezo).
- Acordo de vontades.
- Copia cotexada do Libro de Familia ou certificado do Rexistro Civil, ou de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito ou certificado doutro Rexistro Público.

5º. Onde hai que presentala?

- Preferentemente na Consellería de Medio Rural (dirección xeral de produción agropecuaria ou xefaturas territoriais).
- Tamén pode presentarse en calquera órgano da Administración do Estado ou Comunidades Autónomas.
- Tamén pode presentarse en calquera oficina de correos (sobre aberto para que poda estamparse selo e data).

Despois, no prazo de tres meses a Administración vai emitir un certificado expreso. Se ao cabo deses tres meses non hai contestación, a petición enténdese aceptada.

Hai que solicitar o NIF definitivo na delegación da axencia tributaria. O prazo é dun mes e hai que presentar o certificado de inscrición.

nº 293
Xullo de 2012
FOUCE

De Compostela a Bruxelas na loita pola igualdade das labregas

O SLG participou en actos do Parlamento de Galicia e da Comisión Europea sobre mulleres do medio rural

En menos de dúas semanas, a responsable da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, participou en senllas comisións políticas para buscar solucións á situación de desigualdade que sofren as labregas. A primeira foi a Comisión de Igualdade do Parlamento de Galicia, que se reuniu o 24 de maio, e na que Vilalba fixo unha exposición global da situación na que se atopan as labregas. A segunda, o Grupo Consultivo de Mulleres do Medio Rural da Comisión Europea, tivo lugar en Bruxelas o 11 de xuño.

Na Comisión de Igualdade do Parlamento de Galicia, Isabel Vilalba resumiu a situación na que se atopan as labregas diante de representantes dos tres partidos políticos.

A primeira cuestión que puxo sobre a mesa foi a da titularidade compartida que, a pesares da lexislación que a regula, na Galiza "non existe ningunha constituída a día de hoxe e non se planificou ningunha campaña para explicala e promovela, algo indispensable pois é unha decisión que será difícil de tomar en moitos casos".

Outro dos temas expostos tivo que ver coa cotización á Seguridade Social e todos os problemas derivados dos últimos cambios: o encarecemento das cotas ou a ampliación do período de cotización de quince a vintecinco anos son medidas que deixan fóra desta cobertura a moitas mulleres ou que lles minguará a pensión que cobren cando se xubilen.

Tamén se referiu Vilalba ás dificultades que teñen as labregas para beneficiarse do "cese da actividade" ou de querer solicitar unha baixa por enfermidade. No primeiro dos casos hai que demostrar perdas continuadas durante dous anos, algo imposible para quen declara en módulos; e no segundo, solicitar baixa por enfermidade supón, para unha labrega, recibir a visita segura da inspección, "como se tivésemos a intención de delinquir". Neste senso, Isabel Vilalba tamén denunciou que os informes médicos non adoitan a reflectir as secuelas que moitas veces ten o traballo das labregas, nin a consideralas motivo de baixa por enfermidade ou por incapacidade.

Finalmente, Isabel Vilalba chamou a atención sobre o especial impacto que os recortes sociais están a ter nas mulleres do medio rural.



Vilalba falou ante as tres forzas políticas do Parlamento Galego

Evoluír nas estatísticas para rachar coa desigualdade de xénero na UE

Isabel Vilalba tamén viaxou a Bruxelas para participar no Grupo Consultivo de Mulleres do Medio Rural da Comisión Europea, que elevou dúas peticións ao Executivo Comunitario.

En primeiro lugar, pediráselle á CE que inclúa, nos seus estudios estatísticos, todas as variables que afectan ás mulleres, xa que en base a estes informes a Comisión deseña as súas políticas que, no que respecta ás labregas, non teñen en conta a desigualdade de xénero que padecen. Unha das consecuencias de que os estudios comunitarios non recollan as variables de xénero é que nas explotacións que teñen como titular a un home non hai constancia de que traballen outras persoas xunto a el.

A outra petición ten que ver coa discriminación que sofren as labregas e a súa desigual participación no acceso ás accións de desenvolvemento que emanan da Política Agraria Común (PAC). As explotacións de mulleres na Unión Europea teñen como media 5'4 hectáreas, cun rendemento do 4'4, e 3'1 animais adultos no caso dos sectores gandeiros; fronte a unha media de 11'6 hectáreas, cun 10'9 de rendemento, e 10'1 animais adultos nas explotacións con titulares masculinos. Estas porcentaxes revelan unha grande desigualdade económica e estrutural nas explotacións se-gundo sexa titular un home ou unha muller. En canto ao acceso ás axudas, nas medidas de desenvolvemento rural hai programas, como os de investimentos en granxas, nos que os beneficiarios varóns son o triplo con respecto ás mulleres; en plans de mellora, os homes que se benefician son o dobre.

Para Vilalba, "faise imprescindible que a Comisión Europea comece a realizar os seus estudios estatísticos incluíndo a perspectiva de xénero; así como a incluír estas variables nos programas e medidas de apoio á agricultura. Dende a Secretaría das Mulleres do SLG cremos que se necesitan medidas de discriminación positiva, pois poñer as mesmas condicións de xogo ás mulleres que aos homes supón afianzar a desigualdade".

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA MULLERES



016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.
Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Axudas para membros de agrupacións de defensa fitosanitaria

Para conseguir unha mellora das técnicas de loita fitosanitaria nas explotacións cómpre subvencionar os servizos técnicos prestados polas agrupacións de defensa fitosanitaria aos agricultores, así como unha parte do material empregado na loita contra as pragas.

A intensidade da axuda será tal que permita que o apoio aos técnicos sexa coherente cos prezos de mercado, así como o mantemento da actividade no tempo.

O prazo para solicitar estas axudas estará aberto ate o **26 de xullo de 2012**.

Axudas á moratoria de préstamos para mellora de explotacións e incorporación de mocidade ao agro

Son axudas de mínimis. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas titulares de explotacións agrarias de vacún de leite e carne que subscribisen un préstamo concedido no seu día para o financiamento de investimentos relativos ás axudas de mellora de explotacións e incorporación das persoas mozas á actividade agraria, e que se encontre en período de amortización. As persoas solicitantes deberán ter certificada no expediente asociado ao préstamo a acreditación da execución dos investimentos e o cumprimento dos compromisos. Non obstante, no caso de non ter certificados os investimentos, estes deberán estar no prazo de execución establecido.

A tramitación destas subvencións realizarase no marco dos convenios de colaboración establecidos coas entidades financeiras.

A solicitude de subvención presentarase no mesmo documento en que se solicite a carencia, na entidade financeira en que se formalizou o préstamo.

O prazo para solicitar estas axudas rematará o **3 de setembro de 2012**. Máis información nas oficinas do SLG.

Novos requisitos para formar parte do Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada

Esta resolución establece, en base á modificación que realizou o Decreto 228/2011, o esquema cos novos requisitos para a certificación do leite de calidade diferenciada "Galega 100%" que, a maiores dos establecidos legalmente para a comercialización do leite, son os seguintes:

- Colonias de xermes a 30ºC (por ml): ≤ 50.000.
- Contido de células somáticas (por ml): ≤ 350.000.
- Non se ter detectados nos últimos seis meses, nin en mostras oficiais nin en mostras de autocontrol, residuos de antibióticos ou doutros inhibidores do crecemento bacteriano.

En resumo, as explotacións que de aquí en diante queiran estar amparadas por esta certificación e figurar no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada, deberán cumprir estes requisitos no leite que comercialicen.

No caso de que non os cumpran serán dadas de baixa no mesmo, e terán que solicitar novamente a súa alta no mesmo unha vez que volva a cumprilos.

Axudas a agrupacións de produtores/as de plantas vivas e produtos de floricultura

Estas axudas teñen por finalidade incentivar a constitución de agrupacións de produtores no ámbito das plantas ornamentais e da flor co obxecto de concentrar a oferta de produto e, en consecuencia, atenuar a estacionalidade das producións, mellorar a organización e diversificación dos produtos e reducir custos de produción para acadar, en definitiva, maior eficiencia produtiva e capacidade negociadora nos mercados nacionais e internacionais.

O prazo de solicitude será ata o **30 de novembro de 2012**.



Que é Fiare?

Fiare nace en 2003 para promover banca ética no Estado Español. Participamos na construción dunha cooperativa de crédito que dirixa os seus esforzos cara a todas as persoas e entidades que traballan para tranformar a nosa sociedade nunha realidade máis xusta, participativa e inclusiva. Queremos que sexa un instrumento en mans de toda a cidadanía activa que quere recuperar a xestión dos seus aforros e dirixilos cara a proxectos e actividades que xeren un impacto social positivo e rexeneren a sociedade.

Os nosos valores

- **Criterios éticos.** Partimos de que a actividade económica debe rexerse tamén por criterios éticos. Trátase de non permitir que o noso aforro apoie economicamente actividades como o armamentismo, a explotación laboral, a destrución medioambiental, etc; e sirva, en cambio, a actividades socialmente positivas.
- **Crédito ao servizo da xustiza.** Un valor principal deste proxecto é a súa vocación de transformación e inclusión social mediante o crédito. De aquí que os ámbitos prioritarios de traballo sexan a cooperación ao desenvolvemento, a inserción de persoas en situación de risco de exclusión social, a sustentabilidade medioambiental ou o cooperativismo.
- **Aforro responsable, participación e transparencia.** Este proxecto require da participación activa de persoas e entidades que poñan os seus aforros ao servizo dunha proposta bancaria alternativa. Un instrumento financeiro en mans e ao servizo da cidadanía, no que a transparencia e a participación son as marcas de identidade.
- **Carácter non lucrativo e interese común.** O noso enfoque sobre a rendibilidade é alternativo ao que convencionalmente se utiliza no ámbito financeiro e bancario. Aínda que son necesarias a viabilidade efectiva e a sustentabilidade do proxecto, a rendibilidade e o beneficio económico non son o noso obxectivo.
- **Un proxecto en rede.** Un aspecto esencial da identidade do proxecto está en que se fundamenta no protagonismo de redes cidadáns. Trátase de poñer en mans da cidadanía a decisión e o control sobre o bo uso dos seus cartos, particularmente en mans das entidades e persoas comprometidas coa transformación das nosas sociedades inxustas.

Progresivamente, co apoio destas entidades e de persoas individuais, vanse constituíndo asociacións territoriais socias que se suman ao proxecto.

Participar en Fiare é moi sinxelo. Podes atopar información máis detallada en:

- www.proyectofiare.com
- www.fiaregz.com
- fiaregz@proyectofiare.com

Ou achegarte aos seguintes puntos de información e difusión:

- **Vigo:**
  -Parroquia do Cristo da Victoria (Rúa Baiona nº 9 b, 36209).
  -Local da Fundación Proclade (Rúa Honduras nº 5 baixo, 36204).
- **Santiago de Compostela:**
  -No local de Panxea (Rúa Rosa nº 36 baixo, 15701).

Reclamacións para poder cobrar a pensión mínima

A pensión mínima de xubilación para o ano 2012 é de 587,00 €, sen cónxuxe a cargo, e de 763,60 € con cónxuxe a cargo. En xaneiro, as persoas xubiladas recibiron unha comunicación do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) coa pensión que se vai cobrar para 2012.

Hai bastantes casos nos que aínda tendo complemento a mínimos na pensión, esta non chega a pensión mínima. Por esta razón, quen esteades nesta situación, tedes que facer unha declaración de ingresos para que se vos pague a pensión mínima que vos corresponde pola vosa situación.

É importante que pasedes canto antes polo SLG para informarvos e facer a xestión correspondente, xa que existe a posibilidade de obter a prestación con carácter retroactivo (tres meses atrás).

Identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galicia

Publicouse o decreto que regulamenta o desenvolvemento da aplicación en Galicia das medidas para a ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas; crea o Rexistro Galego de Explotacións Equinas; establece o réxime dos pastos de uso en común; dita as normas de aplicación ás paradas de sementais equinos con servizo a terceiras persoas; e regula o sistema obrigatorio de identificación individual e rexistro de équidos, o control de movementos de équidos e as bases de administración e réxime dos équidos mostrencos. Máis información nas oficinas do SLG.

Axudas á protección de mulleres que sofren violencia de xénero

A finalidade destas axudas é dar apoio económico a mulleres que sofren violencia de xénero para garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo. Segundo o caso, as axudas poden ir dos 300 aos 800 euros ao mes, dependendo do nivel de rendas e dos fillos e fillas ao cargo.

O prazo de solicitude remata o **30 de novembro**. Máis información no SLG.

Actualizan substancias activas na produción integrada de viña

Publicouse no DOG a modificación da Orde do 21 de xuño de 2005 que aproba o regulamento da produción integrada de viña, e que recolle na epígrafe de manexo da plantación, control de pragas e enfermidades, a obriga de antepoñer os métodos culturais, biolóxicos, biotecnolóxicos, físicos e xenéticos aos métodos químicos. En concreto, actualizáronse as substancias activas na epígrafe de control químico do apéndice III e IV. Máis información, no SLG da túa comarca ou no DOG do 8 de xuño de 2012.

Período de máximo risco de incendio na Galiza en 2012

Establécese como período de máximo riso de incendios o comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2012.

Axudas para paliar os danos do lobo no gando

Axudas para compensar os danos ocasionados polo lobo no gando. Pódense acoller propietarios e propietarias de gando afectado por **ataques de lobo producidos do 1 de outubro de 2011 até o 30 de setembro de 2012 na Galiza,** sempre que fosen comunicados nun prazo de 24 horas á Consellaría de Medio Rural.

SAN SADURNIÑO

No mes de setembro, o Sindicato Labrego Galego de San Sadurniño ten previsto cambiar de local.

Os afiliados e afiliadas desta comarca poderán obter máis información ao respecto nos teléfonos 698 125 154 e 981 773 377

Compra - Venda - Troco

Véndese
-Fresa marca Agrator de 1'30.
-Arados xemelgos da marca Carruxo.
Todo seminovo.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 636 234 643

Véndese
-Becerro inscrito na Asociación Nacional de Limousin. Libre de IBR, DVD, etc.
Chamar ao 648 187 857

Véndese
-Circuíto de muxido de dous puntos marca Miele. Na zona de Cesuras.
Chamar ao 620 338 362

Véndese
-Mazo para un ferreiro. Na zona de Lugo.
Chamar ao mediodía ou á noite ao 982 150 232

Véndese
-Herba seca en rulos de 1,40.
-Pacas pequenas por encarga.
Chamar aos números de teléfono 981 798 174 e 619 267 520

Véndense
-Xovencas preñadas "Pardo Alpina" e "Roxa Danesa".
-Dúas puchas de 8 meses "Roxa Danesa".
Preguntar por José Ángel no teléfono 981 793 818

Véndese
-Autocargador Kemper de dobre eixe e 30 coitelas.
-Desensiladora Kuhn.
En Carballedo (Lugo)
Chamar ao 653 641 823

Véndese
-Chibo, macho cabrún, por cambio de raza.
Chamar ao 988 457 400

Véndese
-Rotativa con 1,85 de corte.
Preguntar por Moisés nos teléfonos 982 169 197 ou 616 827 468

Véndese
-Touro de raza Rubia Galega. Manso, 7 anos de idade. Na Serra do Suído, O Covelo (Pontevedra).
Preguntar por Tielas no teléfono 626 442 294

Véndese
-Rabaño de 10 cabras en Chantada
Chamar ao 649 228 803

Véndese
-Nissan Terrano con 187.000 quilómetros. En bo estado.
Chamar ao 677 121 034

Véndense
-Xovencas de primeiro e segundo parto.
Preguntar por Xulio no teléfono 982 520 399

Véndense
-Arrincadora de patacas de 1 suco con descarga lateral, marca Polmotur.
-Cámara frigorífica de 10 m3 cun compresor de 4.5 CV.
Na zona de Betanzos.
Chamar ao 610 040 674

Véndese
-Encintadora suspendida, marca Volagri.
-Empacadora marca Massey 124.
Preguntar por Xosé Luis no número de teléfono 676 168 523

Véndese
-Repartidor de esterco marca Herculano. Ano 2002, unha soa man, 4 rotores verticais. Documentación e ITV por un ano.
Na zona da Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndese ou cámbiase
-Apartamento en Torrevieja, a 300 m. do paseo marítimo, por similar na provincia de Pontevedra. Negociable.
Preguntar por Xoaquín no teléfono 619 985 001

Véndese
-Desensiladora MAKEY, de 1,60 de ancho e 2 tipos de enganche. Bo estado.
Preguntar por Xabier no teléfono 699 396 665

Véndese
-Rotoempacadora Gallartine.
Chamar ao 686 577 685.

Véndese
-Motosegadora marca Bertolini, de dúas rodas dianteiras e dúas traseiras. Con permiso de circulación e matrícula.
Chamar ao 677 788 173

Véndese
-Autocargador Lacasta, 18 m^3. Prezo: 700 €.
Chamar ao 639 946 557

Véndese
-Tractor Massey Ferguson 147.
-Grada de discos Peter.
-Vertedeira Ebro
-Remolque Imaco sen basculante.
-Cultivadores.
-Mosquitos.
-Aboadora de lata E250
-Carretilla elevadora de 2.500 quilos de dobre mastro.
Chamar ao 650 019 275

Véndense
-Becerros de recría. Na zona do Covelo (Pontevedra).
Preguntar por Fran no número de teléfono 660 686 034

Véndense
-Rolos de herba seca da campaña 2012.
Chamar ao 639 503 210

Véndese
-Pala mixta marca JCV, modelo 3D, en bo estado de uso.
Preguntar por Tino no teléfono 609 039 380

Véndese
-Cisterna de 3.000 litros marca Galagri con documentación. Na zona de Arzúa.
Chamar ao 630 018 350

Véndese
-Remolque para cargar rolos de 4.90 m. de longo e 2.20 m. de ancho, con freo hidráulico.
Zona de Castroverde.
Chamar ao 617 655 320

Véndense
-Dúas desensiladoras de cadeas, unha marca BVL e outra marca Mullos.
Chamar ao 689 553 042

Véndese
-Tractor Pasquiali 795, de 37 CV, con dirección, brazos e repousabrazos. Bo estado. 3000 €. Zona Compostela,
Chamar entre as 13:30 e as 14:30 horas ao 636 680 510

Véndese
-Rastrillo ringleirador FELLA. Estende moi ben a fileira.
Bo prezo.
Preguntar por Alberto no teléfono 618 654 350

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-Fresa Agrator de 1,35.
Zona de Guntín
Chamar ao 676 73 91 42

Véndense
-Ventiladores 1.20 x 1.20. Zona Compostela.
Chamar ao 677 244 325

Véndense
-Enganche hidráulico de tractor John Deere Serie 6000-7000. Sobe, baixa, alarga e encolle desde o tractor.
-Peugeot 205 Mito 1.7 diesel. Dirección asistida, elevador eléctrico de ventás, aire acondicionado, faros de néboa e alarma.
-Cuba con capacidade de 1.000 litros e con dúas bocas, unha no fondo para sacar o bago.
-Muíño para enganchar ao tractor para moer e machucar millo verde en cana.
-Máquina de lavar a presión marca Comet, 150 bares de presión e 11 litros por minuto. Ten depósito de xabón e mangueira de 5 metros de largo.
En Paradela (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndense
-Máquina para recoller patacas marca GRIMME, con dirección e moega (tolva) alta.
-Desbrozadora de patacas de tres regos con coitelas.
-Motor de regadío, 14 ou 19 CV.
-Cinta transportadora de 6 m.
-Tubo de regadío de 3 polgadas.
Chamar aos números de teléfono 619 904 183 e 988 462 783

Véndese
-Renault Clio 5 portas, gasoil, dirección asistida, elevafiestras eléctricos con 200.000 Km. e revisión a data de hoxe.1.500 €. No Corgo (Lugo).
Chamar a o 982 176 748

Véndense
-Rulos de palla e macropacas. Apta para comer.
Na zona da Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndense
-Años e cabritos. En Oza dos Ríos (A Coruña)
Chamar ao 670 895 789

Véndese
-Vaca de cruce.
Chamar ao 689 752 400

Véndense
-Segadora de 5 discos, 2 m. de corte.
-Seat Toledo Diesel.
Chamar ao 615 108 486

Véndese
-Grada sucadora de tres regos sen estrear, con arado para abrir regos de patacas. Zona O Corgo.
Contactar con Xabier no teléfono 663 470 286

Véndense
-Arados de vertedeira de 3 pas. Zona de Frades.
Chamar ao 686 577 685

Véndense
-Xatas frisoas próximas ao parto. Zona de Portomarín
Chamar aos números de teléfono 982 157 768 e 697 422 304

Véndese
-Autocargador de 13 coitelas. Na zona de Cesuras.
Chamar ao 650 158 948

Véndese
-Carro mesturador con fresa marca ZAGO, con 11 m. de capacidade. Documentado. Con descarga a ambos lados e toma de forza homocinética.
Na zona de Umbría (A Coruña).
Preguntar por Xosé no teléfono 679 875 221

Véndese
-Touro raza Limusin .
Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733

Véndese
-Tractor Renault 651 con poucas horas de traballo.
-Arada Lacasta.
-Sulfatadora Matabi 350 litros (dúas pistolas).
-Desbrozadora de cadeas (1.50m). Zona Compostela.
Chamar ao 690 064 010

Véndense
-2 invernadoiros, de 1000 m cada un.
-Furgón MB 180 D
Preguntar por Xosé Ramón nos números de teléfono 981 504 082 e 620 296 711 (zona Compostela)

Véndese
-Fresadora HOWARD 1,85 de traballo, enganche automático.
Chamar ao 650 158 948

Véndense
-Vacas de leite por cese de actividade.
Chamar ao 630 818 278

Véndense:
-Desensiladora de mordaza marca Tenias.
-Renault 19 1.9 diesel. Bo prezo.
Chamar ao 647 777 498

Véndese
-Tractor Ford, con pala incorporada, dobre tracción e rotativa. En bo estado.
-Circuíto Alfa Laval con lavador automático de 3 puntos, con motor de bomba para 6.
Por peche de explotación. En moi bo estado.
Preguntar por Concha no teléfono 982 574 687

Véndense
-Cisterna de 3.000 litros con documentación.
-Fresadora de 2 m. de traballo, ano 2008.
-Remolque de segadora con arco; 2.10 m. x 1.35 m.
Na zona de Melide.
Chamar ao 667 469 962

Vendese
-Viño branco e tinto, augardente branca e de herbas e licor café.
-Can Pequinés e gatos amarelos laudos.
-Carro de vacas de ferro en bo estado para uso ou como antigüidade.
-Cordeiros/as de raza Merina.
-Garrafas de segunda man de 20 a 60 litros.
En Verín (Ourense).
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 615 015 214

Véndense
-Cabritas de recría.
Chamar ao 691 997 142

Véndese
-Camada de mastíns. En Monfero.
Chamar ao 626 194 490.

Véndense
-Roto Gallignane modelo 3200.
-Tanque de frío de 450 litros.
-Arado M-4.
-Aboadora Nardy 400 kg.
Chamar ao 646 336 125

Véndense
-Cachenas a bo prezo.
Chamar ao 696 432 686

Véndese
-Tractor John Deere 3340, tracción 4 rodas, cabina e pa.
Chamar aos números de teléfono 670 886 201 e 986 601 351

Véndense
-4 xovencas frisoas.
-Desensiladora Khun.
-Bañeira de 1.200 litros.
Na Pastoriza (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 332 065 e 690 338 209

Véndense
-Motocultor de 14 CV.
-Máquina de limpar o cereal e un
-Arado gravante.
Zona de O Corgo (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 175 132 e 648 718 864

Véndese
-Arado de dous regos seminovo.
En Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 626 334 770

Véndese
-Autocargador-picador CLASS 135 P. En bo estado.
Preguntar por Manolo no número 676 435 417

Véndese
-Tanque marca Zero de 1800 litros. Trifásico. En bo estado.
Chamar aos números de teléfono 982 349 324 e 699 975 440

Véndese
-Pinza cortasilos marca MAKEY. En bo estado.
Chamar ao 661 332 970

Véndense
-Cornadizas de 8 prazas.
-Sala de muxido de 6 puntos con medidores, motor trifásico, marca Gascoigne.
Chamar ao 625 660 271

Véndese
-Mistubishi Pajero 2500, con carrocería Montero.
Chamar ao 609 311 416

Véndense
-Cachorros de raza mastín.
Chamar ao 630 561 310

Véndense
-Mastíns de raza recoñecida pola Sociedade Canina Galega. Zona Monfero (A Coruña).
Chamar ao 626 194 490

Véndense
-Xovencas de leite preñadas. Zona Cesuras (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 790 233 e 616 289 926

Véndese
-Colleitadora de patacas na zona de Aranga.
Preguntar por Xosé no teléfono 636 954 672

Véndese
-Sala de muxido de 6 puntos con medidores de Gaiscoigne (con motor trifásico).
-Tanque-bañeira de 1.400 litros (motor trifásico).
Chamar ao 625 660 271

Véndense
-Chantos ou vargos. Zona de Abadín (Lugo)
Chamar ao 666 370 172

Véndese
-Xovenca próxima ao parto.
Chamar ao 686 837 970

Véndense
-Rastrillo hilerador marca KUNH.
-Rotativa de 5 discos.
-Tanque de frío de 650 litros.
-Motor de rega con equipo.
Chamar ao número de teléfono 686 837 970

Véndense
-2 ovellas. Comarca da Estrada.
Preguntar por Carme no teléfono 658 079 956

Véndense
-12 ovellas paridas con años.
-1 macho.
Preguntar por Andrés no teléfono 981 432 192

Véndese
-Tractor Kubota de 170 cabalos. 4.500 horas, en moi bo estado.
En Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 626 334 770

Vendese
-Tractor Massey Fergusson 147, en bo estado.
Na zona de Monforte.
Chamar entre as 2 e as 3 da tarde ao 982 426 563

Véndese
-Sala de muxido marca SAC-SENIOR de 1x3. En Ordes.
Chamar ao 981 682 321

Véndese
-Autocargador de segunda man. Na comarca do Xallas.
Chamar ao 981 894 317

Véndense
-Sementadora de millo de seis liñas telescópica.
-Rotativa SM 320 de 3 metros.
-Grade de discos.
Chamar aos números de teléfono 676 211 386 e 650 010 179

COMPRAS

Mércase
-Autocargador con rotativa.
Chamar ao 981 605 270

Mércase
-Alambique para utilizar que estea en bo uso.
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 615 015 214 (Verín).

Mércanse
-Empacadora de calquera marca.
-Colleitadora Deutz Fahr 1202.
Chamar polas noites ao teléfono 981 792 415. Preguntar por Xosé Manuel Carro.

OUTROS

Arréndase
-Casa con terras n'A Golada.
As persoas, preferentemente interesadas en proxectos de agricultura ecolóxica, poden chamar ao 669 810 937

Búscase
-Can con carácter para coidado de finca. Que non sexa de raza perigosa, pero que sexa malo.
Chamar ao 619 075 640

Búscanse
-Terras ou explotación na zona de Xallas-Barcala.
Chamar ao 636 871 736

Búscanse
-Terreos para cultivo de horta.
Chamar o 619 110 982

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese
-Persoa responsable para traballar nunha explotación de leite da zona Compostela / Ordes.
Chamar ao 629 927 005

Ofrécese
-Casarío. Inclúe fincas, instalacións gandeiras e maquinaria. Todo gratuíto, a cambio dun posto de traballo. Na zona de Ribadeo.
Preguntar por Emilio nos teléfonos 982 137 418 e 689 601 758

Necesítase
-Traballador ou traballadora para tarefas de muxido en explotación gandeira na zona de Teixeiro (Curtis). Incorporación inmediata.
Chamar ao 653 781 267

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

SEMENTEIRA DO MILLO 2012



NON CONTAMINES AS TÚAS TERRAS CON TRANSXÉNICOS

Unha das ameazas máis serias coas que nos enfrontamos labregas e labregos, e a sociedade, son os transxénicos. Agora que entramos na época da sementeira, ofrecemos as razóns polas que o SLG recomenda **non sementar millo transxénico**:

1. Dependencia. As variedades transxénicas están patentadas e ninguén pode gardar sementes para resementar. Ademais, a través do pole contaminan. Corremos o risco de que, se alguén sementa ao noso carón e o noso millo se contamina, a empresa propietaria da patente do millo que nos contamine nos demande, podendo condenarnos a pagar importantes sumas.

Tamén nos farán dependentes do paquete agrotóxico que subministra a mesma empresa que manipula a semente.

2. É unha tecnoloxía cara. É posíbel que agora, para introducir estas sementes, as coloquen no mercado a prezos similares ás sementes normais. Mais cando se expandan contaminando, os prezos subirán, **porque son sementes artificiais patentadas que se conseguen en laboratorios introducíndolles xenes doutras especies diferentes. Trátase de conseguir artificialmente algo que nunca ocorrerá na natureza, como cruzar especies diferentes, por exemplo un peixe cun tomate.**

3. Antibióticos. No proceso de manipulación xenética utilízanse antibióticos que logo quedan no millo que as vacas comen, o que supón un perigo para as persoas que logo comemos leite ou carne dos animais que inxeriron ese millo.

Tamén o comen as vacas, os becerros, os porcos, as aves, e poden volverse resistentes e non responder aos tratamentos con antibióticos fronte a mamite, pneumonías ou calquera outra enfermidade que teña ser tratada con antibióticos.

Tampouco sería descartábel a presenza de antibióticos nos alimentos que obtemos dos animais, tales como leite, carne ou ovos.

NOMES COMERCIAIS DO MILLO TRANSXÉNICO MON 810

FOGGIA / ACCUA YG	EVOLIA YG	ESMILONGAYG	MAS71YG	PR32W04
ARENA YG	DKC5784YG	LUSON BT	PR35Y69	PR33B51
ARISTIS BT	DKC5018YG	KADENAYG PONCHO	PR36B09	PR33P67
ASTURIAL BT	DKC6041YG	KARDANYG	SF1035T	PR33Y72
AZEMA YG	DKC6675	KARTERYG	SF1112T	PR34N44
BELES SUR	DKC6667YG	KAVALAYG	SF4701T	PR34P86
CAMPERO BT	DKC6678YG	KURATUSYG	ES BLASON	PR35A56
CARELLA YG	ES ANTALYA YG	LG3711YG	PR31D61	BoleaYG
ES PAOLIS YG	ES ARCHIPEL YG	MAS52YG	PR31N28	MAS65YG
HELEN BT	ES MAYORAL YG	MAS58YG	PR32G49	PR34A27
JARAL BT	ES CAJAUYG	MAS60YG	PR32T86	PR38V34 / P9494Y